

Proba

Coñecemento do Medio

“Un día de excursión ao río”

Le o texto:

A clase de Iria foi de excursión a un río. Alí viron peixes, árbores e moitas plantas. O mestre explicou que a auga do río é moi importante para os seres vivos.

Tamén lles dixo que non deben tirar lixo nin contaminar a auga. Despois, fixeron grupos para observar o lugar e anotar o que vían.

1. Responde:

1. Onde foron de excursión?

2. Que lles explicou o mestre?

3. Une:

Peixe

Pedra

Árbore

Auga

Ra

area

Seres vivos

Elementos NON vivos

4. Une:

Peixe

Árbore

Respira

Crece

Móvese

Desprázase

5. Marca as accións correctas para COIDAR o MEDIO:

Tirar lixo ao río
Respectar as plantas
Arrincar flores
Coidar os animais

6. Escolle a opción que sexa máis correcta:


Que pasaría se contaminamos o río?

7. A mestra de Iria leva un mapa á excursión.

Pensa e escolle a opción máis axeitada:

Para que serve un mapa?

8. Durante a saída os alumnos viron moitos animais. Observa o gráfico:



Que tipo de animais viron máis?

E que tipo de animais viron menos?

9. Que atopamos nunha aldea? Marca:

Granxas
Semáforos
Animais
Rañaceos

10. Escolle dous produtos que NON se poden obter no campo:

Cenorias
Patacas
Macarróns
Leituga
Amorodos
Queixo